



**PROTOCOLO DE INTENCIÓNS ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DE FERROL E O RÁCIING CLUB DE FERROL S.A.D. PARA FINANCIAR AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DA MALATA.**

Na Coruña, o 31 de maio de 2024

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte Don José Manuel Rey Varela, Alcalde – Presidente do Concello de Ferrol, en representación do Concello de Ferrol

E doutra parte Don Manuel Ángel Ansede Sánchez, en representación do Rácing Club de Ferrol S.A.D.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

O Rácing Club de Ferrol é un clube que conta cunha gran tradición na cidade e no deporte pois os seus orixes remóntanse ao ano 1919, constituíndose como Sociedade Anónima Deportiva o 26 de xullo de 2001, pasando a denominarse Rácing Club de Ferrol S.A.D.

O Concello de Ferrol acordou o outorgamento dunha concesión demanial a favor do Rácing Club de Ferrol S.A.D. mediante acordo do Pleno da Corporación de data 28 de abril de 2022, sendo o Estadio Municipal da Malata un ben de dominio público municipal inscrito no Inventario Xeral de Bens de Corporación. Así mesmo o Estadio Municipal atópase cualificado como equipamento comunitario de sistema xeral, no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ferrol.

O Rácing Club de Ferrol S.A.D. goza da dispoñibilidade, a modo privativo, do Estadio da Malata en virtude da devandita concesión demanial aprobada por acordo do Pleno do Concello de Ferrol de 28 de abril de 2022.

Na cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta concesión demanial establécese o seguinte:

*“O Rácing Clube de Ferrol se compromete a facer fronte a tódolos gastos que ocasione a conservación ordinaria, reparación ordinaria, melloras e reformas, mantemento, limpeza e seguridade necesarios para garantir o bon uso ordinario das instalacións desde a data da firma da presente resolución. As obras de maior envergadura e, en todo caso, as que afecten á estrutura do estadio, á estabilidade do mesmo ou á estanqueidade das cubertas serán obriga exclusiva do Concello de Ferrol.”*

Na actualidade, segundo os datos da Real Federación de Fútbol e da Liga de Fútbol Profesional, o Rácing Club de Ferrol S.A.D. é un dos equipos da provincia da Coruña inscrito que compite no fútbol profesional, integrado na Liga Hypermotion ou Segunda División da Liga Profesional.

Neste sentido, a Liga de Fútbol Profesional esixe unha serie de requirimentos a todos os clubs que participan no fútbol profesional, moitos en relación coas instalacións das que dispoñen para a celebración da competición, e sinalamento os relativos á iluminación artificial, que ten un impacto directo sobre a calidade da imaxe de televisión e, en consecuencia, sobre a percepción audiovisual e do produto audiovisual, tendo que cumprir cos requirimentos mínimos definidos no Regulamento de retransmisións aprobado pola LFP para poder transmitir unha sinal de televisión de axeitada calidade e cumprir co Standard de calidade esixible á calidade dixital.

No informe de cumprimento das normas de iluminación e subministración de enerxía para a retransmisión televisiva da Liga de Fútbol Profesional do estadio da Malata, realizado tras unha serie de inspeccións á instalación, determinouse que o sistema de iluminación actual é insuficiente para cumprir cos requirimentos mencionados, requirimentos esixibles a todos os efectos na tempada deportiva 2024/2025, na que o Rácing de Ferrol continuará competindo no fútbol profesional.

O valor da iluminación vertical mantido cara á cámara principal é un 11,45% inferior para unha óptima retransmisión televisiva, os niveis de uniformidade medio e extremo son un 21,6% e 37,5% inferiores aos valores requiridos e os proxectores de re-encendido instantáneo non son suficientes.

É precisa unha renovación completa da instalación, desmontando o sistema existente e implantando un novo con tecnoloxía LED, dispoñendo o número, tipo, disposición e orientación de proxectores axeitados de xeito que se garanta o cumprimento do Regulamento de retransmisión televisiva, actuacións que deberían estar finalizadas antes do comezo da liga 2024/2025.

Esta circunstancia xustifica a excepcionalidade e urxencia do presente protocolo.

Considerando que ademáis o Clube contribúe significativamente á economía da cidade, principalmente nos sectores de hostalaría e turismo

## **ACORDAN**

Formalizar o Protocolo de intencións conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente protocolo ten por obxecto coordinar as actuacións para cofinanciar a realización das obras de acondicionamento da instalación de iluminación do terreo de xogo do Estadio Municipal da Malata

### **II.- FINANCIACIÓN**

Tendo en conta que o orzamento do anteproxecto das obras ascende a 1.802.894,95 € a financiación do mesmo realizarase do seguinte modo:

Deputación Provincial da Coruña	750.000,00 € (achega máxima)
Concello de Ferrol	750.000,00 € (achega máxima)
Rácing Club de Ferrol S.A.D.	Resto ata completar o prezo total das obras

Para iso, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol iniciaron os trámites para habilitar o crédito necesario para facer fronte ás súas achegas.

### **III.- COMPROMISOS DAS PARTES.**

III.I.- O Rácing Club de Ferrol S.A.D, como promotor da actuación, comprométese a achegar o proxecto técnico de execución necesario, a obter as licenzas e autorizacións preceptivas, así como a colaborar nas actuacións necesarias.

III.II.- Os servizos técnicos da Deputación e do Concello supervisarán o proxecto técnico que presente o Racing Club de Ferrol SAD e participarán nas actuacións necesarias para asegurar a correcta execución do proxecto.

III.III.- Para desenvolver as actuacións comprendidas no presente protocolo tramitaranse os convenios oportunos onde se recollan as circunstancias e requisitos que requira o seu obxecto.

III.IV.- Todas as entidades asinantes do presente protocolo comprométense a axilizar e priorizar os trámites e actuacións que a cada un lle correspondan nos seus respectivos ámbitos competenciais.

#### **IV.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para coordinar as actuacións derivadas da execución e aplicación do presente protocolo constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante por cada unha das institucións asinantes do presente protocolo designados polos seus respectivos presidentes.

#### **VIII.- VIXENCIA**

Este Protocolo terá vixencia ata a aprobación e formalización dos correspondentes convenios.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente protocolo, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Valentín González Formoso**

**O REPRESENTANTE DO  
CONCELLO D FERROL**

**José Manuel Rey Varela**

**O REPRESENTANTE DO RÁcing DE FERROL S.A.D.**

**Manuel Ángel Ansedo Sánchez**